

**Convenio para a habilitación dun Marco de apoio ao acceso ao financiamento das pequenas e medianas empresas, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e as Sociedades de Garantía Recíproca domiciliadas en Galicia (SGR)**

Reunidos:

- D. Fernando Guldrís Iglesias, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante Igape).
- D. José Manuel Cabaleiro Fernández, en nome e representación da entidade Sociedade de Garantía Recíproca da Pequena e Mediana Empresa de Pontevedra e Ourense, SGR (en adiante Sogarpo), con poderes suficientes para este acto.
- D. Manuel Alonso Fraile, en nome e representación da entidade Afianzamentos de Galicia, SGR (en adiante, Afigal), con poderes suficientes para este acto.

Considerando que:

O Igape, no cumprimento das súas funcións, enfoca os seus programas e iniciativas na procura do desenvolvemento do sistema produtivo galego, en especial, apoiando ás pequenas e medianas empresas (pemes).

Son estas as que sofren maiores dificultades para acceder ao financiamento adecuado ás súas necesidades, atopándose con maiores esixencias de garantías e maiores custos de financiamento que outras empresas de maior dimensión.

De forma continuada, durante máis de 25 anos o Igape ven apoiando o acceso ao financiamento das pemes con axudas en forma de garantía e subvencións de gastos financeiros, promovendo diversas liñas para cubrir necesidades específicas.

As sociedades de garantía recíproca galegas (SGR), veñen tamén desempeñando dende a súa creación un importante papel no tecido empresarial de Galicia, compartindo co Igape o obxectivo de posibilitar o acceso ao crédito das pemes galegas, mediante a prestación de avais ante entidades de crédito, actividade na que teñen demostrada solvencia e capacidade técnica.

O apoio conxunto do Igape e das SGR galegas á obtención de financiamento por parte das pemes, toma forma coa promoción de convenios de colaboración coas principais entidades de crédito que operan en Galicia, cos que se acadou moi boa experiencia no pasado.

O 7 de febreiro de 2020 o Igape asinou un convenio de colaboración coas sociedades de garantía recíproca e as entidades de crédito adheridas, co obxectivo de definir os termos de colaboración para a habilitación das liñas de financiamento previstas nas Resolución do 7 de febreiro de 2020 pola que se publicaron as bases reguladoras do Marco de apoio ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, para o ano 2020, nas que se estableceu un marco de apoio ao acceso ao crédito, regulando os requisitos e o procedemento de calquera actuación de apoio ao crédito. Con motivo da crise provocada pola COVID-19 e dos instrumentos específicos postos en marcha para favorecer o acceso ao crédito para liquidez das pemes, asináronse sendas addendas ao convenio, con datas 31 de marzo de 2020 e 9 de xullo de 2020, co obxectivo de adaptar o seu contido ás modificacións establecidas nas Resolucións de 31 de marzo de 2020 e de 9 de xullo de 2020, respectivamente. Co presente convenio, pretende darse continuidade ao dito marco, adaptando os prazos de solicitude e tramitación para o ano 2021



As axudas contempladas no Anexo I das Bases Reguladoras anexas a este convenio, e que serán publicadas no Diario Oficial de Galicia, tratan de dar resposta ás necesidades de financiamento detectadas nas pemes galegas, facilitando:

- a) Préstamos avalados para o crecemento das pemes, co obxecto de favorecer mediante reavais, o acceso a préstamos a longo prazo para financiar investimentos produtivos e/ou circulante estrutural por parte das pemes galegas.
- b) Operacións avaladas para o financiamento de tráfico comercial, co obxecto de favorecer o acceso a novo financiamento operativo, para o tráfico comercial das pemes galegas mediante liñas de crédito específicas para adianto de efectos comerciais e facturas, pólizas de pagamentos a provedores e pólizas de comercio exterior.
- c) Garantías ante terceiros vinculadas a operacións de tráfico ou avais técnicos, co obxecto de favorecer a capacidade das Pemes para outorgar garantías fronte a terceiros, para garantir o cumprimento de contratos, tráfico comercial ou avais técnicos.
- d) Préstamos a longo prazo para financiar necesidades de liquidez, no contexto actual COVID-19, co obxecto de paliar as dificultades financeiras derivadas da crise sanitaria, nun contexto de lenta recuperación da normalidade nas actividades económicas, que afecta de forma máis significativa a determinados sectores.

En todas estas modalidades, o apoio do lgape consiste nun reaval de ata o 25 % do risco asumido polas SGR, que facilite o acceso ao crédito, e en determinados casos a subsidiación dos gastos financeiros.

As partes, previamente postas de acordo, conveñen en subscribir un convenio para a articulación de liñas de financiamento avaladas para facilitar o acceso ao financiamento operativo das pequenas e medianas empresas galegas.

## CLÁUSULAS

### **Cláusula 1ª. Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto definir os termos de colaboración entre o lgape, as SGR e as entidades de crédito que se adhiran, para facilitar o acceso ao financiamento das pemes, mediante a habilitación de liñas de financiamento previstas nas bases reguladoras do programa de apoio que se anexan ao presente convenio e que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Cláusula 2ª. Condicións das operacións, reaval do lgape e procedemento de tramitación**

As condicións e requisitos específicos dos beneficiarios, as características das operacións financeiras avaladas, os tipos de xuros e comisións, o reaval e a bonificación a conceder polo lgape e o procedemento de tramitación das solicitudes, formalización das operacións, pagamento da compensación, modificacións, incumprimentos e reintegros, establécense nas bases reguladoras do programa de apoio que se anexan ao presente convenio e que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

### **Cláusula 3ª. Compromisos dos partícipes no convenio**

1. Compromisos asumidos polas SGR adheridas:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas do lgape entre os seus clientes.
- b) Colaborar cos beneficiarios na tramitación das solicitudes de axuda ao lgape.





- c) Comunicar ao Igape as persoas autorizadas para o acceso á “Extranet de entidades colaboradoras”.
- d) Revisar a documentación achegada polas solicitantes de axuda e comprobar o cumprimento das condicións e requisitos previstos nas bases reguladoras para a obtención da axuda, así como a execución e cumprimento da finalidade da axuda, remitindo ao Igape as comunicacións previstas a estes efectos nas bases reguladoras.
- e) Conceder os avais para as operacións financeiras aceptadas por unha entidade de crédito adherida ao abeiro deste convenio polas porcentaxes establecidas e nos termos previstos nas bases reguladoras do programa do Igape publicadas no *Diario Oficial de Galicia* ou xustificar, diante do Igape, os motivos da súa denegación.
- e) Remitir ao Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación aportada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira avalada pola SGR.
- f) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g) Desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, poñer todos os medios dispoñibles para facilitarlles o acceso a esta liña de financiamento ás empresas galegas e velar pola correcta formalización da operación financeira, no marco das bases reguladoras, do convenio e da resolución de concesión.
- h) Custodiar e ter á disposición do Igape toda a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos necesarios para a concesión do reaval e/ou subsidiación de gastos financeiros, e a que reflecta as incidencias sobrevidas nas operacións reavaladas e/ou subsidiadas, especialmente, a establecida nestas bases, durante un período de catro anos desde a súa cancelación.
- i) Proceder á execución dos bens dos beneficiarios en caso de impago e reintegrar ao Igape proporcionalmente aos riscos reavalados, nos termos referidos no artigo 14 das bases reguladoras.
- j) A SGR asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 2. Compromisos asumidos polas entidades de crédito que se adhiran:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas do Igape entre os seus clientes.
- b) Desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións e poñer todos os medios dispoñibles para facilitarlles o acceso a esta liña de financiamento ás empresas galegas.
- c) Avaliar as solicitudes de préstamo nos termos previstos nas bases reguladoras.
- d) Remitir ao Igape as aclaracións que solicite respecto da documentación aportada polo beneficiario, relativa á formalización da operación financeira, xustificación, así como someterse ás actuacións de comprobación que respecto á xestión dos fondos poida efectuar o Igape ou calquera dos organismos referidos na cláusula 5ª.
- e) Velar polo cumprimento das finalidades ou destino dos fondos previstas para as operacións acollidas a este convenio, facilitando a acreditación documental dos mesmos.
- f) Proceder á execución dos bens dos beneficiarios en caso de impago e reintegrar ao Igape proporcionalmente aos riscos reavalados, nos termos referidos no artigo 14 das bases reguladoras.
- g) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





h) A entidade de crédito asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Compromisos asumidos polo Igape:

a) O Igape obrígase a aboar por cada operación aprobada ao abeiro deste convenio e das bases reguladoras as compensacións ás SGR, segundo o establecido na cláusula 4ª deste convenio.

b) O Igape obrígase a reavaluar as operacións de préstamo/crédito aprobadas, durante a súa vixencia, en garantía de ata o 25% do risco asumido pola SGR. As SGR tamén poderán contar con reavais e achegas de organismos públicos ou dependentes da Administración, sen superar os límites normativamente establecidos. Nestes supostos, aplicarase en primeiro lugar a porcentaxe máxima prevista por eses outros organismos públicos ou dependentes da Administración, para cada tipo de operación. Se, como consecuencia da suma das porcentaxes de reaval deses outros organismos e do Igape se excederan os límites de porcentaxe máxima permitida pola normativa vixente, reducirase a cobertura do reaval do Igape na porcentaxe necesaria para non superar o citado límite.

c) No caso de fallido dalgunha operación aprobada en virtude do presente convenio, o Igape aboalle á SGR correspondente a porcentaxe do reaval aprobado sobre a cantidade que esta teña que asumir na operación, segundo o establecido nas bases reguladoras.

#### **Cláusula 4ª. Achegas do Igape ás Sociedades de Garantía Recíproca (SGR)**

1. O Igape aboará as SGR colaboradoras neste programa un 5,00% do principal dos avais subvencionables que presten ante as entidades de crédito, e que sexan formalizados conforme as condicións establecidas nas correspondentes resolucións de concesión, en concepto de compensación económica segundo o previsto no artigo 13.2.m) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As SGR colaboradoras deberán aplicar un mínimo do 50% do total das compensacións recibidas neste programa ao seu fondo de provisións técnicas.

2. As SGR deberán remitir ao Igape na primeira quincena do mes seguinte de cada trimestre natural e, a máis tardar, o 20 de decembro de 2021 para a anualidade 2021, e o 30 de xuño de 2022 para a anualidade 2022, a través da Extranet de entidades colaboradoras, a seguinte información:

a) Unha relación daquelas operacións formalizadas adecuadamente ao abeiro das bases reguladoras.

b) A liquidación dos importes que lles corresponde percibir, segundo o establecido nesta cláusula.

3. O Igape procederá ao pagamento das cantidades liquidadas correspondentes, directamente ás SGR.

4. O Igape poderá requirir das SGR, previamente ou con posterioridade ao pagamento da liquidación trimestral, calquera documentación acreditativa do cumprimento do proxecto, así como outra información para os efectos estatísticos e dunha axeitada imputación contable ao peche do exercicio. Para os ditos efectos, o Igape resérvase o dereito de introducir modificacións e melloras na recollida de datos da Extranet co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións coas entidades colaboradoras e as actuacións de control que lle corresponden.

5. No caso de incumprimento do establecido nas bases reguladoras ou neste convenio procederá a devolución da achega pola SGR xunto cos seus xuros de demora.

#### **Cláusula 5ª. Control**

Tanto as entidades de crédito como as SGR adheridas quedan obrigadas a someterse ás actuacións de control que se efectúen por parte do Igape ou polos órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma





de Galicia, para verificar o cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a este convenio, e sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño de 2007 (DOG nº 121, do 25 de xuño).

#### **Cláusula 6ª. *Publicidade dos datos***

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e as entidades destinatarias desta, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais e relevantes das entidades e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

#### **Cláusula 7ª. *Procedementos internos para a tramitación de operacións***

1. As partes adheridas ao convenio comprométense a seguir as normas de procedemento interno, necesarias para asegurar a maior axilidade na tramitación das operacións, dentro do respecto á legalidade e á súa normativa propia e dirixidos a contestarlles aos solicitantes sobre a súa proposta nos prazos establecidos nas bases da convocatoria.
2. A vía electrónica será obrigatoria para a interacción entre as SGR e o propio Igape. Esta vía concrétase na “Extranet de Entidades Colaboradoras” existente na dirección <http://tramita.igape.es>. En todo caso, estarase ao establecido nas normas de procedemento interno para a tramitación de operacións que se asinen entre as partes.
3. O Igape resérvase a potestade de introducir modificacións no funcionamento e na recollida de datos da Extranet, co obxecto de mellorar a efectividade das interaccións entre entidades ou as actuacións de control que son propias do seu papel no convenio.

#### **Cláusula 8ª. *Denuncia do convenio***

1. Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por algunha das partes de calquera das súas cláusulas, trala denuncia cun mínimo de 30 días de aviso previo.
2. A resolución do convenio suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

#### **Cláusula 9ª. *Seguimento do convenio***

O seguimento do convenio realizarase a través de reunións de seguimento a manter entre as entidades de crédito, as SGR e representantes do Igape.

#### **Cláusula 10ª. *Publicidade***

1. As SGR e as entidades de crédito asinantes comprométense a mostrar, nas súas distintas oficinas, a publicidade facilitada polo Igape, no seu caso, e a colaborar na correcta difusión desta liña de axudas.



2. Co obxecto de lograr maior coordinación, os proxectos e campañas publicitarias que, no seu caso, realicen as SGR e as entidades de crédito sobre este convenio, deberán comunicarse previamente ao Igape.

#### **Cláusula 11ª. *Natureza***

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, correspondendo á persoa titular da Dirección Xeral do Igape a interpretación do seu contido.

#### **Cláusula 12ª. *Adhesión de entidades de crédito ao convenio***

1. O Igape convidará a adherirse a este convenio a todas aquelas entidades de crédito que, tendo acreditada unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia (a solvencia entenderase acreditada se prestaron servizos financeiros para o investimento das pequenas e medianas empresas durante os últimos tres anos e se comprometen a desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, por todos os medios dispoñibles, humanos e técnicos, para facilitarlle o acceso a esta liña de financiamento), colaborasen co Igape nos seus programas de subsidiación ao tipo de xuro de préstamos e créditos e noutros tipos de apoio ao acceso ao financiamento. Así mesmo, poderán instar a súa adhesión todas aquelas SGR domiciliadas en Galicia e as entidades de crédito que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, estean acreditadas polo Banco de España e dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurar a correcta tramitación dos expedientes conforme ao establecido neste convenio e nas bases reguladoras das axudas do Igape.

As ditas entidades xustificarán mediante declaración responsable o cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

2. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo VII ás bases reguladoras da axuda publicadas no *Diario Oficial de Galicia*. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio.

#### **Cláusula 13ª. *Financiamento***

Este convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 06.A1.741A.7700, cun crédito de 2.000.000 € para o exercicio 2021 e 500.000 € para o exercicio 2022, previa existencia de crédito adecuado e suficiente.

#### **Cláusula 14ª. *Vixencia***

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 30 de decembro do ano 2022, no que respecta aos seus termos económicos, sen prexuízo das prórrogas, que, se é o caso, así se pactasen por acordo expreso das partes, unha vez tramitadas as habilitacións oportunas.

#### **Cláusula 15ª. *Remisión normativa***

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase subsidiariamente o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Decreto 284/1994 de regulamento de avais do Igape e nos Decretos 132/1995 e 302/1999, que o modifican, no acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei



1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no resto da normativa que resulte de aplicación, así como no Regulamento UE 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos.

En canto ao cómputo de prazos, estarase ao disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 18 de xuño de 2021.

Polo **IGAPE**:

Fernando Guldrís Iglesias

Por **SOGARPO, S.G.R.:**

José Manuel Cabaleiro Fernández

Por **AFIGAL, S.G.R.:**

Manuel Alonso Fraile

